

SECRETARÍA

XERENCIA MUNICIPAL DE
URBANISMO

CONCELLO
DE VIGO



CONVOCATORIA

EXERCICIOS FASE OPOSICIÓN DO CONCURSO-OPOSICIÓN DÚAS PRAZAS DE AUXILIAR ADMINISTRATIVO

En data 08/11/2022 esta Vicepresidencia da Xerencia Municipal de Urbanismo ditou Resolución relativa ao listado definitivo de aspirantes admitidos e excluídos no concurso-oposición libre para estabilización de emprego temporal e ingreso en dúas prazas estruturais e vacantes no Organismo Autónomo da XMU, pertencentes á escala de Administración Xeral, subescala Auxiliar administrativa, grupo C, subgrupo C2 incursas no suposto do artigo 2.1. da Lei 20/2021, de 28 de decembro.

A Base SEXTA do proceso de selección determina os exercicios da fase de oposición: dous supostos prácticos de carácter ofimático realizados con ordenador, tratamento de textos e folia de cálculo “Libre office”, a desenvolver cada un deles nun tempo máximo de 30 minutos, e proba de coñecemento do idioma galego para aqueles aspirantes que non teñen acreditada a posesión do título CELGA 4 ou equivalente homologado.

Aos efectos da realización dos exercicios mencionados resolvo:

PRIMEIRO.- Proceder á rectificación do listado definitivo dos aspirantes admitidos e excluídos (Resolución do 08/11/2022), no senso de admitir a reclamación presentada por D^a M^a Teresa González Vega no proceso selectivo convocado para a provisión polo sistema de concurso oposición libre dunha praza de Auxiliar administrativo na Xerencia Municipal de Urbanismo do Concello de Vigo reservada a persoas con discapacidade intelectual (expte. 657/406).

SEGUNDO.- Convocar aos aspirantes admitidos para a realización dos exercicios da fase de oposición para o día **23 de xaneiro de 2023 ás 9:30 horas** na Aula 5.7 do 5º andar do **Auditorio “Mar de Vigo”** localizado na rúa Beiramar nº 56 da Cidade de Vigo.

TERCEIRO.- Publicar a presente Resolución no Taboleiro Electrónico da Sede Electrónica do Concello de Vigo.

BYR/tr

Data e sinatura dixital

A Vicepresidenta da Xerencia Municipal de Urbanismo
María José Caride Estévez